

Matemáticas Pendentes de ESO

Divídese a materia do curso en dúas partes.

O alumnado deberá realizar un boletín de exercicios de cada unha das partes, antes da realización de cada exame parcial, que entregará ao profesor/a para a súa revisión. Unha vez corrixidos polo profesor/a devolveránselle ao alumnado para que reelabore os respondidos incorrectamente. O alumnado poderá consultar as dúbidas que se lle presenten na resolución dos exercicios ao profesor/a da materia na clase.

Faranse **dous exames parciais** (un por cada parte) , e **un final** para os alumnos/as que non superen algún dos parciais, no exame final só entrará a materia non superada en algún dos parciais. O 1º parcial será no mes de novembro, o 2º en febreiro e o final en maio. (A concreción das datas correspóndelle á Xefatura de Estudos) .

Cando menos o 50% das preguntas de cada exame serán exercicios dos propostos para a súa resolución segundo o indicado antes.

Avaliación

A avaliación será trimestral nas datas indicadas pola Xefatura de Estudos.

Cualificación:

Na primeira e segunda avaliación a cualificación será a do correspondente exame parcial se esta non é inferior a 5 . De ser a cualificación do exame parcial inferior a cinco puntos, poderá engadirse a esta cualificación ata un máximo de dous puntos (non superando neste caso nunca o 5) atendendo aos seguintes criterios:

- a) Evolución do alumno/a nesta mesma materia no curso actual.
- b) Resolución dos exercicios encomendados.

Terceira avaliación : Nota media da 1ª e 2ª avaliación se esta media non é inferior a 5. Se esta media é inferior a 5 o alumno/a deberá realizar o exame final coa materia correspondente a avaliación ou avaliacións non superadas, e a cualificación será a seguinte:

- a) A nota (redondeada á parte enteira) do exame final se o alumno/a ten suspensas as dúas primeiras avaliacións.
- b) A nota media entre o exame final e a nota da avaliación aprobada anteriormente.

Enténdese que a cualificación da terceira avaliación é a cualificación final de xuño ou ordinaria da materia pendente.

O alumnado que suspenda en xuño poderá conservar o libro de texto para preparar o exame de setembro que será un exame similar ao final de xuño.

Os exercicios seranlle entregados ao alumnado polo profesor/a da materia ao principio do curso xunto coa información da parte da materia correspondente a cada exame parcial.

1ª PARTE

1. Estatística

1. Facer estatística: Necesidade. Poboación e mostra. Variables.
2. Reconto e gráficos: Reconto de datos. Gráficos. Agrupación de datos en intervalos.
3. Medidas de centralización e posición: Media. Moda. Cuartís e mediana
4. Medidas de dispersión: Rango e desviación media. Desviación típica. Coeficiente de variación.

2. Probabilidade

1. Experimentos aleatorios: Espazo de mostra e sucesos. Técnicas de reconto. Operacións con sucesos. Propiedades.
2. Probabilidade: Probabilidade dun suceso. Regra de Laplace. Propiedades da probabilidade. Probabilidade experimental. Simulación.

3. Números racionais

1. Números racionais: Decimais periódicos. Fracción xeratriz. Ordenación e representación.
2. Operacións con fraccións: Sumas e restas. Operacións combinadas.
3. Potencias de expoñente enteiro: Definición. Operacións.
4. Notación científica: Introducción. Números extremos. Operacións con números en notación científica.
5. Medida de erros: Aproximacións. Erro absoluto e relativo. Aplicacións.

4. Sucesións e progresións

1. Sucesións: Definición. Regra de formación. Termo xeral.
2. Progresións aritméticas. Definición. Termo xeral. Suma de n termos.
3. Progresións xeométricas. Definición. Termo xeral. Suma de n termos. Suma de todos os termos. Produto de n termos.
4. Aplicacións: Interpolación. Xuro composto. Resolución de problemas.

2ª PARTE

5. Polinomios

1. Monomios e polinomios: Elementos e características. Expresión polos seus coeficientes dun polinomio. Valor numérico.
2. Operacións: Suma e diferenza. Produto. Factor común.
3. Identidades notables: Suma ao cadrado. Diferenza ao cadrado. Suma por diferenza.

6. Ecuacións de 2º grao

1. Expresións alxébricas: Identidade e ecuación. Solución dunha ecuación
2. Ecuacións de 1º grao: Definición. Resolución. Resolución de problemas.
3. Ecuacións de 2º grao: Definición. Tipos. Resolución de cada tipo. Suma e produto das raíces. Discriminante. Número de solucións. Resolución de problemas.

7. Sistemas de ecuacións lineais

1. Ecuacións lineais: Definición e solución. Sistemas lineais. Resolución gráfica
2. Sistemas lineais: Definición. Solución. Número de solucións.
3. Métodos de resolución: Redución. Substitución. Igualación.
4. Problemas de sistemas.